

Segunda lingua estranxeira. Francés. Addenda

O alumnado que teña suspensa unha avaliación cunha nota inferior a 3, deberá presentarse a unha proba de recuperación para recuperar esa parte. Se suspende dous ou tres trimestres, deberá recuperar todos os contidos do nivel.

A proba de recuperación fará media coa do trimestre que se recupera, sendo este o peso de cada unha das notas:

Nota do trimestre	Nota da recuperación
20 %	80 %

Para facer a media final, terase en conta a nota real, non a redondeada.

O alumnado aprobado fará actividades de ampliación relativas á cultura francófona.

Se se perciben lagoas ou dificultades na materia a pesar de tela superada, poderánselle dar actividades de reforzo sobre os aspectos gramaticais, léxicos e comunicativos.

O alumnado suspenso deberá facer tamén as actividades de reforzo, que buscarán incidir nos puntos febles e consolidar os fortes de cara á adquisición e superación da materia.

Para o alumnado aprobado, as tarefas terán un valor de 1 punto máximo. Ese punto será dado en función do seu desempeño.

O alumno coa materia pendente de 2º ESO, que se incorporou ó centro a finais do segundo trimestre, será avaliado no mes de maio cunha proba escrita e unha oral e tarefas de reforzo. O peso para calcular a nota final sería o seguinte:

Proba escrita	70 %
Tarefas	20 %
Proba oral	10 %

No caso de non lograr superar a materia, poderá facer unha nova proba escrita de recuperación en xuño, que fará media do xeito xa mencionado coas tarefas e a proba oral.

A proba oral, ó igual cá escrita, deberá recuperala tamén en caso de que obteña unha cualificación inferior a 5 sobre 10.